



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP SAN XOSÉ OBREIRO

Travesa de Meirás, s/n, Meicende
15140 Arteixo (A Coruña)
Tfno: 881 880 214 / Fax: 881 880 216
ceip.sanxose.obreiro@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoseobreiro



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E ACCESO AO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS NO CURSO 2022/23

A Consellería de Educación ven de convocar estas axudas cos seguintes requisitos:

- Ser pai, nai, titor ou titora legal do alumnado **matriculado en educación primaria** para o vindeiro curso.
- Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- Ter unha **renda per cápita** familiar igual ou inferior a **10.000 euros anuais no 2020**.
- Ter devoltos os libros adquiridos coas axudas do presente curso (alumnado de 3º e 4º)

Presentarase UNHA ÚNICA SOLICITUDE (Anexo I e II) preferentemente por internet, a través da aplicación Fondolibros ou utilizando Chave365, na que se incluírán **todos os irmáns matriculados** no centro. Opcionalmente tamén se pode presentar na Secretaría do centro no horario de atención ao público. Nese caso deberá estar completamente cuberta e virá acompañada da fotocopia do libro de familia e de calquera outra documentación que fose necesaria. **O PRAZO REMATA O 22 DE XUÑO.**

As contías das axudas para adquisición de libros, compra de material escolar ou libros aos que se teñen dereito **dependerán da renda per cápita da unidade familiar no ano 2019.**

¿A QUE AXUDAS SE PODE OPTAR PRESENTANDO ESTA SOLICITUDE?

- Alumnado que pase a 1º e 2º de EP: Poden solicitar **vale** para adquisición de libros de texto e **vale** para material escolar.
- Alumnado que pase a 3º e 4º de EP: Acceso ao **préstamo de libros de texto** do Fondo solidario Público de Libros de Texto e **vale** para material escolar.
- Alumnado que pase a 5º e 6º de EP: Unicamente poden solicitar o **vale** para material escolar, xa que **este alumnado utilizará libros dixitais (co ordenador portátil) do proxecto E-Dixgal.**

Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada e validada pola administración, **no seu momento** o Centro xerará un ou máis vales, nos casos que corresponda. Con eles poderanse adquirir os libros de texto polo importe máximo que figure en dito vale (e/ou tamén material escolar polo importe de 50€, se fora o caso).

Os beneficiarios do Fondo Solidario de Libros de Texto terán dereito a recibir en préstamo un número de libros que dependerá dos ingresos acreditados, co compromiso de conservalos en bo estado e devolvelos ao colexio ao remate do curso 2022-23, mantendo así o fondo de libros de texto.

ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, para o que **deberán asinar no apartado correspondente da solicitude, indicando DNI.**
- A discapacidade do 33% ou máis de calquera membro da familia computará por dous membros.
- Nas familias monoparentais que conviva un só proxenitor ou titor co alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia.
- No caso de divorcio ou separación legal, non se considerará membro computable aquel que non conviva e non teña a custodia do alumno/a. Non obstante o anterior, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas inclúense dentro do cómputo da **renda familiar relativa ao ano 2020.**
- **O alumnado que pase para 1º da ESO deberá facer a solicitude no IES de Pastoriza. No caso de estar pendente de admisión noutro instituto, poderá presentar a solicitude neste centro.**

Máis información en www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoseobreiro ou www.edu.xunta.gal

Meicende, 19 de maio de 2022